

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE A PRAZA DE INSPECTOR DE POLICÍA

PLENO 28 XANEIRO 2016. ACTA 2016-0002

“O pasado 18 de setembro recibimos por parte do equipo do goberno do PP unha proposta para as bases dunhas vindeiras ofertas de emprego público no noso Concello. Unha destas ofertas de emprego público é para cubrir o posto de inspector de policía local.

Cando alcaldía nos facilitou as bases de contratación, sorprendeunos que a fórmula escollida para optar á praza de inspector de policía fora a de “mobilidade horizontal”, cando no resto é por promoción interna. Fórmula que dende AER rexeitamos e así o fixemos saber de forma oficial por rexistro.

Visto o informe da xuntanza entre os sindicatos e o alcalde, onde o alcalde defende que a praza sexa cuberta por mobilidade baseándose en que non hai uniformidade no mando da Policía Local dentro das persoas que poden aspirar a esas prazas por comisión interna, non véndoos con experiencia de mando nin sensibilidade e pide ter en conta a capacitación insistindo na mobilidade.

Á vista destas afirmacións do alcalde, pedimos por rexistro o 1 de decembro os informes do xefe da policía local ou mandos mencionados onde se acredite a “falta de uniformidade de opinión”, “inexperiencia de mando”, “falta de sensibilidade ou capacidade”.

A resposta do alcalde a este rexistro foi convocarnos a unha xuntanza onde nos explicou que ía cubrir a praza de inspector por “comisión de servizos”, ou sexa “a dedo”, e o escollido era un dos oficiais que poderían ser candidatos por promoción interna. Cubrindo tamén a praza que queda libre de oficial con esta fórmula.

Resulta curioso, cando menos, que a uns meses da data en que se van convocar estas ofertas de emprego público, o alcalde decida cubrir a praza de inspector por “comisión de servizos”. Ante esta situación, preguntámoslle ao alcalde se ía convocar a praza de inspector xunto coas demais, e por promoción interna; xa que fomos informados por secretaría que, se non se convoca a praza xunto coas demais, sería irregular convocala nun novo concurso.

Por todo o anterior, pedimos a comparecencia do alcalde para que dea as explicacións necesarias sobre as decisións que tomou neste asunto.”

O alcalde sinala que o equipo de goberno ten intención dende o primeiro momento de convocar esta praza xa que informou aos grupos e aos sindicatos das bases correspondentes para abrir o debate sobre as mesmas aínda que considera que a decisión debe tomarse na comisión de procedementos selectivos. Pensa que non ten que mesturarse iso coa cobertura temporal da praza que é o que se fixo coa comisión de servizos, xa que son procesos distintos. A praza cubrirase definitivamente no prazo establecido legalmente e agora soamente se fixo unha solución provisional tal e como demandou a policía. Os criterios para a designación foron legais.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que non están en contra de ninguén da policía local e alégranse de que se convoque a praza. Sen embargo, parécenlle que os criterios utilizados foron dispares e arbitrarios para as dúas comisións de servizos, xa que nun caso se fixo por antigüidade e noutro en función dunha oposición anterior no que o seleccionado non aprobou.

O alcalde sinala que a comisión de servizos é transitoria e no caso do oficial había unha proba recente para a cobertura do posto e o nomeado sí aprobou aínda que sen praza. No caso do inspector non había un proceso previo e o regulamento da policía establece a antigüidade.